



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
SEIS DE MAIO DE 2020, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO**

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas do día seis de maio de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 19/02/2020 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 10/03/2020 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta da aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2019.

Dáse conta da aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2019, aprobada mediante resolución de alcaldía 120/2020 do 27 de febreiro de 2020 que se transcribe a continuación:

“Visto que con data 18 de febreiro de 2020, ditouse providencia para o inicio da aprobación da liquidación do exercicio económico 2019.

Visto que con data 19 de febreiro de 2020, emitíuse informe pola Secretaría en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.



Visto que con data 20 de febreiro de 2020, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Visto que con data 27 de febreiro de 2020, emitíuse informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do cumprimento da regra do gasto e da débeda pública.

Visto o informe-proposta da Secretaría do 27 de febreiro de 2020.

De conformidade co artigo 191.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e co artigo 90.1 do Real decreto 500/1990,

Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio económico 2019 cos estados que forman parte do expediente de liquidación, que reproducen toda a documentación que regula a Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, incorporando a esta Resolución as magnitudes máis importantes e que resumen a totalidade da xestión económica e financeira da Entidade:

Resultado orzamentario axustado negativo de -259.340,19, atopándose polo tanto o Concello nunha situación de déficit.

Remanente de tesouraría para gastos xerais negativo de -511.601,20 €.

Incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 2010.

Cumprimento do obxectivo da Regra do Gasto, entendido como a situación na que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB correspondente a este exercicio.

Cumprimento do límite de débeda segundo o artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas e un aforro neto negativo.

Segundo.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, de acordo co establecido nos artigos 193.4 del Texto Refundido de la Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 90.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro.- Remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo de conformidade co establecido na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que é significativo que en ano electoral, 2019, o concello remate con 260.000 € de déficit e pregúntalle á Presidencia se ten algunha explicación para o mesmo.

Por outro lado, chámalle a atención o remanente negativo de tesourería de - 511.000 € cando é un apartado ao que se dedican todos os fondos posibles do POS+, para gasto corrente, o que lle dá unha certa liberdade á Alcaldía para destinar eses cartos, como así fai, sen contar coa oposición e gustaríalle unha explicación.

Tamén lle gustaría saber se ten algunha consecuencia ou non cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria.

A Presidencia responde que son uns malos resultados orzamentarios, pero que hai que distinguir entre o déficit e o remanente. O déficit é un mal resultado económico que non lle gusta porque gastaron máis do que ingresaron. Se ben é certo que foi



fundamentalmente en inversións, non se cumpriu a premisa de non gastar o que non se ten. É unha premisa que cumpriron nos oito anos de goberno, excepto un ou dous anos que pecharon en déficit. É certo que prefire que sexa en inversión e non en gasto.

Cando chegaron á Alcaldía no ano 2011, en plena crise económica, o déficit era máis grande e foron capaces de recuperalo en dous ou tres anos. Agora cre que nun ano ou dous poden recuperar o déficit.

En canto ao remanente é un termo técnico diferente, xa que fai referencia á liquidez. É un mal endémico do concello dende hai moitos anos, e pensa que nos últimos 20 anos debeu haber só dous anos con remanente de tesourería positivo.

Non é situación que lle gustaría, pero aínda así están nun período medio de pago inferior a 40 días. Xunto co equipo de goberno intentarán enxugar ese problema de liquidez nesta lexislatura para que non afecte ao retraso nos pagos das obrigas do concello.

Tomarán as medidas oportunas para enxugar este problema e que non afecten á prestación de servizos.

No tema do déficit, a lei permite varias opcións e á que normalmente se soe acudir, van ver como se liquida o orzamento do 2021 e terán que aprobar un orzamento cun superávit de 260.000 €. Ao longo do ano verán a evolución do orzamento e que solución se adopta finalmente. En calquera caso non ten por que afectar á prestación de servizos.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, di que non lles enviaron o expediente de liquidación, que é o importante. Solicítao e o resumo de intervención do Sr. Secretario. Existe un déficit de 260.000 €, que ao mellor é máis se o concello baixa de poboación, porque os ingresos baixarán 150.000 €.

A Presidencia responde que na convocatoria do pleno aparece que está o expediente a disposición de todos, e aínda queda un trámite que é a conta xeral que vai a pleno que é onde está todo o expediente.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta se é necesario que soliciten que lles envíen a conta xeral.

3º.- Aprobación, se procede, do Plan de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF) realizado en virtude do convenio suscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A (SEAGA)

Segundo o disposto no artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia é competencia dos concellos a elaboración e aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra dos incendios forestais.

Despois de diversas modificacións da citada lei, no ano 2018 o concello de Vedra encarga a redacción do seu Plan municipal de prevención de incendios forestais. O citado plan expónse ao público e é aprobado definitivamente polo Pleno municipal.

No ano 2019 o concello de Vedra solicita a súa adhesión ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e a empresa pública Servizos Agrarios Galegos, S.A (Seaga) en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, en virtude do cal o concello ten acceso a un visor da rede de faixas de protección e á



aplicación Xesbio, empregada para facilitar a xestión dos procedementos de notificación e requirimento de cumprimento da Lei de incendios.

Así mesmo, ao adherirse ao citado convenio, a Xunta redactou un Plan municipal de prevención de incendios forestais para o concello de Vedra (PMPDIF), que recolle todas as faixas secundarias que delimitan os núcleos e conta co complemento do visor anteriormente mencionado, que permite comprobar a porcentaxe de terreo afectado pola faixa en cada parcela. Non obstante este plan non recolle as vivendas illadas nin as vías, algo que si recolle o plan redactado polo concello, polo que actualmente ambos son complementarios.

O PMPDIF de Vedra foi exposto ao público entre o 22 de agosto e o 18 de setembro de 2019 (BOP do 09/08/2019), presentándose só unha alegación por parte do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Forestais de Galicia, que foi respondida en informe de data 21 de febreiro de 2020 pola Consellería de Medio Rural.

Pasado o período de exposición pública remitiuse de novo á Consellería para que emitise informe preceptivo e vinculante favorables a este plan. Recibido o informe favorable, proponse:

Aprobar definitivamente o citado Plan municipal de prevención de incendios (PMPDIF).

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que a Xunta chega tarde neste tema. O goberno bipartito da Xunta xa deixara deseñado un plan deste tipo que o Sr. Feijoo meteu nun caixón. A pesares de que as melloras son poucas sobre o traballo que fixera o concello, di que o seu grupo votará a favor.

Pregunta se supón algún custe adherirse a este plan, e a Presidencia responde que non.

Posta a votación, apróbbase a proposta por unanimidade.

4º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1.- Respecto á humanización da vía DP 8203 ao seu paso polo concello, di que a carta chegou días despois da celebración do pleno de febreiro, na que informaban da licitación dunha empresa que se poñería en contacto co concello.

Na Deputación xa tiñan constancia das peticións do concello e agora van traspasar aqueles viais no estado no que están e non precisan arranxos e despois pasarán aqueles nos que teñan que facer algún tipo de arranxo ou mellora. É un tema que vai para largo e agora está todo parado.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta cales son os tramos que ten solicitado o concello e onde están.

A Presidencia di que son os dous tramos urbanos, o de aquí en Vedra e o de San Xián.

2.- Sobre a Resolución da Alcaldía delegando no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro, a adxudicación de contrato menor 2019/C002/000002 (adquisición de



perforadora para o servizo de abastecemento de auga potable), a Droguería –Ferretería El Sol, S.L., a Presidencia contesta que dona Raquel Sangiao, foi ver ese expediente e que o importe ascende a 1845.86 €.

3.- Respecto ao informe do resultado da enquisa que se lles fixo ás traballadoras do SAF, di que é unha cuestión de réxime e goberno interno. Por outro lado, está pendente a xuntanza con todas as traballadoras para comentar eses resultados, que non se puido realizar debido ás circunstancias excepcionais que se están a vivir.

4.- Sobre o contrato que se lle fixo ao Sr. González Couto e cales son as funcións asignadas a dito concelleiro, a Presidencia di que esta persoa é concelleiro, e polo tanto non asina un contrato como tal. A súa dedicación parcial decidiuse en sesión plenaria e deuse de alta na Seguridade Social.

As súas funcións son todas as imaxinables, variadas e necesarias para desenvolver a súa responsabilidade como concelleiro de medio rural e responsable do saneamento e auga municipal.

5.- Respecto á visita ás depuradoras do concello coa empresa que leva o seu mantemento e cun experto que explique o seu funcionamento e sexa capaz de responder as dúbidas que teñen, di que xa se fixo.

6.- Sobre o asfaltado de pistas, di que toman nota e que estudarán as suxestións que lles fagan chegar ao respecto. O grupo de goberno seguirá manexando os dous criterios de sempre; o estado da vía e o tráfico que soporta.

De todos os xeitos, este ano terán que revisar todas as previsións orzamentarias, case mes a mes, porque as prioridades van estar na crise sanitaria e no ámbito dos servizos sociais.

7.- Respecto á venda de madeira realizada en San Fins, a Presidencia di que xa lle deu os números. Non lle consta que houbese carballos. Di que aínda non se cobrou, pero non é responsabilidade do madeireiro, senón porque o concello ten que facer outros traballos de roce e limpeza e estase valorando a posibilidade de que se faga un pago en compensación.

8.- Sobre onde se vai colocar a escultura da camelia, a Presidencia di que xa está contestada.

9.- Respecto á sobreira centenaria de Merín, a Presidencia contesta que para a poda non se precisa permiso. No caso de que a quixesen cortar tampouco necesitarían permiso, primeiro porque está en solo de núcleo rural e quen ten que autorizar é o propio concello. En segundo lugar, os técnicos municipais contactaron co distrito forestal para saber se esa sobreira tiña algún tipo de protección que impidise a súa corta, e confirmaron que non tiña ningún tipo de protección, nin estaba catalogada como senlleira.

10.- Sobre a reunión co Alcalde de Santiago, a Presidencia di que xa está contestada.



-- Ás pregunta de dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1.- Respecto ás opinións sobre cortar a sobreira en Merín, a Presidencia di que non as comparte.

2.- Sobre a desagregación do punto número 6 da Xunta de Goberno Local do mes de febreiro de 2020, en relación á aprobación das indemnizacións por asistencias dos membros da corporación (plenos, xuntas de goberno, comisións informativas, asistencias a mesas, substitucións da Alcaldía e desprazamentos), a Presidencia di que lle comunicou o departamento de tesourería que xa tiña os datos á súa disposición.

Así mesmo, dona Raquel Sangiao, solicitou que se fixesen públicos e o grupo de goberno valorará esa opción.

De todos os xeitos as indemnizacións do 4º trimestre do 2019 por asistencias dos membros da corporación (plenos, xuntas de goberno, comisións informativas, asistencias a mesas, substitucións da Alcaldía e desprazamentos) máis as retencións que se practicaron, son as seguintes:

Sr. Costa Carneiro, 1.896,48 €; o Sr. González Couto, 714 €; dona Susana García, 735,91 €; dona Diana Varela, 510 €; o Sr. CernadasMéndez, 782 €; o Sr. Caldelas González, 595 €; o Sr. Lago Lestón, 552,50 €; dona Beatriz Amenal, 642,96 €; dona Raquel Sangiao, 637,50; o Sr. Pose Rodríguez, 510 € e dona Yolanda Vieiro, 595 €.

As quilometraxes do propio Alcalde e do Sr. Vázquez Martínez ascenden a 336,61 e 312 €, respectivamente.

3.- Respecto unha factura por importe de 442.68 € pola substitución dunha lúa dun vehículo da brigada de obras, a Presidencia di que hai unha confusión. O que sucedeu foi que a brigada verde facendo labores de roce rompeu cunha pedra a lúa dun coche dun particular. Por responsabilidade patrimonial da administración houbo que reparar ese vehículo e o importe da factura era inferior á franquía do seguro.

4.- Sobre os gastos de cancelación de 13 reservas de billetes de voo para a viaxe organizada polo concello a Bos Aires do día 03/12/2019 ao 13/12/2019, por importe de 1.950 €, a Presidencia di que o que sucedeu foi que houbo unha mala xestión por parte do Alcalde.

Dende había un par de anos, a veciñanza, sobre todo a que ten familia en Arxentina, reclamaba a organización dunha viaxe grupal. O concello organizou esa viaxe con diferentes opcións: só voo ida e volta, voo e estancia, etcétera.

Reserváronse 18 billetes de avión porque era o mínimo establecido para a viaxe en grupo e conseguir uns prezos competitivos e así foi anunciado.

Case dous meses antes da viaxe, a axencia ponse en contacto co concello, porque 45 días antes da saída, segundo as condicións de cancelación, era a data límite para decidir a cancelación da viaxe sen conste algún. Se a viaxe seguía adiante, os billetes que non se utilizasen tiñan uns gastos de cancelación de 150 € cada un.

Nese momento había 8 persoas anotadas e creu e confiou que se completarían todas as prazas no tempo que faltaba. Non só non se completaron, senón que houbo tres baixas por motivos diferentes.

Houbo dou erros: primeiro seguir adiante coa viaxe, cando no momento de poder cancelar sen custes, só había 8 persoas anotadas; e segundo non ter solicitado aos interesados unha pre-reserva cun pago anticipado polo mesmo importe que o custe da cancelación da reserva.



Por iso o concello, como organizador da viaxe, se tivo que facer cargo da cancelación deses billetes. Esa é única factura que ten o concello, xa que cada persoa que realizou a viaxe a pagou do seu peto; incluído o Sr. Alcalde, como fixo con todas as viaxes que fixo a Arxentina sendo Alcalde.

Por outro lado, o grupo do BNG-AA solicitaba que o Sr. Secretario informara sobre este tema, ao que non ten ningún problema en que así o faga. Nos próximos días recibirá o informe de Secretaría.

5.- Respecto ao uso do coworking ata o momento e cantas novas empresas fixeron uso del e se na actualidade está sendo usado por algunha empresa, a Presidencia di que o centro de coworking está situado na contorna da estación de Renfe e é un centro de dinamización económica e social do concello. Tendo en conta que o vagón é o centro do coworking e os espazos anexos que serven de apoio a este foron cedidos a empresas de nova creación ou a emprendedores que previamente solicitaron á Xunta de Galicia a cualificación da súa empresa como ILE (Iniciativa local de emprego) ou IER (Iniciativa de emprego rural). Solicitárono dúas empresas: 4BajoCero e Galicia Eventos y Ocio, S.L. Agora mesmo só está unha entidade asociativa, AMABUL, cun proxecto medio ambiental.

O vagón desde a súa apertura ata a actualidade acolleu diversas actividades puntuais de asociacións, entes públicos, empresas, etcétera que o solicitaron.

Nestes momentos está pendente, polo COVID-19, a publicación da apertura do prazo de solicitudes da as instalacións. Cando se levante o estado de alarma procederase a facelo.

Respecto ás opinións vertidas sobre a empresa Galicia Eventos y Ocio, S.L. cre que son unhas acusacións sen fundamento e para o seu gusto maliciosas que rexeita e non comparte.

6.- Sobre o informe da proposta de elaboración polo Secretario relativo aos incumprimentos na execución do contrato do SAF por parte de Atendo, a Presidencia responde que é un procedemento que está aberto e pendente aínda de resolver.

7.- Respecto ao servizo de taxi, que se lle presta só aos veciños que tiñan antigamente consultorio médico, senón a todos os veciños de todas as parroquias do concello, a Presidencia di que non cre que iso sexa factible, realista e moito menos unha prioridade do concello nestes momentos, nin para os cidadáns nin para o equipo de goberno.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia contesta:

1.- Sobre a planimetría municipal das zonas están avanzando os viñedos que se están implantando no concello, di que toma nota.

2.- Respecto á opinión sobre Cándido Pazó, di que non a comparte.

3.- Sobre a anulación dos billetes de avión, di que xa está contestada e que lle pasarán o informe.

-- Ás preguntas de Yolanda Vieiro, do BNG-AA, a Presidencia contesta:



1.- Respecto ao despregue da fibra óptica nos núcleos do concello que non teñen teléfono fixo, a Presidencia responde que non se lembrou de facer a consulta, que a fará nos próximos días e enviaralle a resposta.

2.- Sobre a participación dos concelleiros con dedicación nos actos en contra da violencia de xénero, a Presidencia di que toma nota da reflexión.

5º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Respecto do confinamento, manifesta que o seu grupo dende o primeiro momento mostrou o seu apoio ás medidas tomadas polo grupo de goberno porque así o esixía a situación de emerxencia.

Non sabe como vai ser a partires de agora, porque hoxe mesmo no Congreso o PP comezou a usar esta crise para facer política, como mostrou coa abstención na votación do estado de desescalada.

A intención do grupo do PSdeG-PSOE de Vedra vai ser a de colaborar e apoiar as medidas que se van ter que adoptar no futuro.

2º.- Existe preocupación nos pais que saben que na fase II da desescalada, cara o 26 de maio, teñen que abrir as garderías para facilitar a conciliación ás persoas que o necesiten. Pregunta se falou cos pais que necesiten ese servizo.

Intervén a Presidencia para agradecer o comportamento dos grupos da oposición co equipo de goberno durante o estado de alarma, e cre que é exemplar. Di que mentres se manteña esta situación seguirán tendo todos os luns as reunións da xunta de portavoces.

3º.- Na Xunta de Goberno Local do 24 de febreiro solicitáronse varias subvencións á Deputación e Xunta de Galicia. Pregunta se están parados eses plans.

A Presidencia contesta que ten que preguntar, pero cre que si están parados.

4º.- Respecto do déficit, a Deputación vén de conceder unha axuda de 32.000 # ao concello para atender as necesidades de servizos sociais. O goberno central acaba de transferir ás comunidades cartos para facer fronte a esta situación e supón que algo lle tocará ao concello. Solicita que os informe de como van chegando eses cartos.

5º.- Pregunta cal é a intención ou que pensan facer co obradoiro de emprego que solicitaron xunto con Boqueixón, Touro e O Pino.

6º.- Pregunta cando ten que estar resolto o concurso para a adxudicación do servizo da gardería e o do SAF.

7º.- Solicita que se limpen as cunetas das pistas aínda que este ano non haxa festas. A Presidencia responde que comezaron os traballos esta semana.

8º.- Pregunta como están as obras do CPI de Vedra e cando estará acabado.



A Presidencia responde que seguiron traballando durante esta tempada e ao mesmo tempo o Estado permitiulle ao concello a retomar a licitación da depuradora, obra fundamental para o colexio.

9º.- Respecto da sobreira de Merín, di que xa sabía que non precisaban permiso, pero informouse de que si tiñan que ter pedido unha autorización administrativa. Intervén a Presidencia para matizar que é un terreo público dentro dunha zona cualificada como núcleo rural.

10º.- Respecto á adquisición da perforadora en ferretería O Sol, por valor de 1845 € a través dun contrato menor, viu o informe e figuraba que se aprobara en pleno. Cre que non se aprobou nada diso en pleno e solicita que llo aclaren.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- En primeiro lugar quere facer unha aclaración. Ao seu grupo dálle igual o que pase en Madrid. Mentres que siga esta situación seguirán co mesmo criterio, mais iso non quita que presenten unha batería de propostas e solicitudes.

2º.- Solicita que se poña en marcha con urxencia o viveiro dixital de empresas. En outono é posible que haxa unha recaída do COVID-19, e existe unha moción aprobada dende hai un ano para formar un viveiro de empresas e formar á xente que o precisa e está parado. O BNG-AA xa fixo hai 10 anos un curso ao que se anotaron 15 pequenas empresas do concello, ten o seu propio servidor para xerar esas plataformas en liña. Di que se non o fai o grupo de goberno, farao o BNG-AA e dálle de prazo un mes.

3º.- Debido a esta situación, os nenos van ter que traballar con plataformas en liña e non se sabe como vai ser o curso que vén. Solicita que dende o concello se planifique un curso para os pais sobre e-learn para que poidan usala e poidan facer un seguimento dos seus fillos a través dela, e se solicite no consello escolar que todos os profesores usen a mesma plataforma.

4º.- Respecto ao colexio de Vedra, di que van presentar unha moción na que solicitan tirar o muro para ampliar o patio cara ese lado tendo en conta que agora haberá que ter un distanciamento maior entre nenos e se gañará moito espazo. Se o grupo de goberno se nega a facelo, sacará un boletín explicando por que se negan e por que é imprescindible facelo.

5º.- Respecto á moción presentada sobre o centro de día, pretende organizar un mesa común con Boqueixón para ver como se vai avanzando.

6º.- Sobre o asunto de Maderas Lata e a creación dun novo colexio en San Miguel, solicita que se consulte coa empresa, e se vai adiante a idea de construír un novo colexio en San Miguel e a cesión de terreos, se faga un orzamento para esa escola. Solicita ademais que dende o concello se programen visitas cos profesores do CRA, de San Miguel, pais e membros da ANPA, a outros colexios que teñen un valor engadido, como é o de Friol.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e dez minutos.